

Plan Municipal de Beirarrúas

O Tribunal Contencioso Administrativo acordou a entrada nas fincas de Valle Inclán (Perillo) e Celso Emilio Ferreiro (Mera) coa finalidade de dar continuidade á construción das beirarrúas en ambas zonas. Deste xeito, levántase a paralización pretendida por un reducido grupo de veciños que impedían o remate dunhas obras necesarias e urxentes para a seguridade dos peóns.

Páxina 6



Concello de  Oleiros

A depuradora de Oleiros e o cemiterio de Dorneda, en marcha

Páxina 8 e 10

Vivir en Oleiros

Número 26
Abril 2007
Toda a actualidade en:
www.oleiros.org

Política Territorial decide devolver o Plan Xeral ás portas das eleccións municipais

Plan Xeral Municipal de Oleiros

2007

“Quérennos cambiar o noso modelo urbanístico”

Páxinas 14 - 17



Enquisa municipal A opinión dos veciños

Páxinas 12 e 13

Atópao en Oleiros A nova guía empresarial en dixital

Páxina 19

Transporte Público Novas liñas e máis frecuencia

Páxina 25

Como saber *ónde* está todo en *Oleiros*

AXENDA
Páxina 2 

Teléfono do Veciño

Toda a información de 8 da mañá a 8 da tarde ininterrompidamente

981 610 000

•Concello de Oleiros 981 610 000

Policía Local (24 horas)	981 610 001
Garda Civil de Oleiros	981 610 067
Garda Civil urxencias	062
Xulgado	981 610 824
Servizo de augas	981 610 602
Mercado municipal	981 638 158
Recadación municipal	981 635 603
Ofic. Consumidor (Omic)	981 610 000 ext.1274
C. Recuper. fauna salvaxe	981 626 241
Urxencias médicas (24 horas)	061
Centro Urxencias Sta. Cruz	981 614 901
Centro Saúde Perillo	981 638 731
Centro Saúde Sta. Cruz	981 626 768
Protección Civil	981 636 933 ext.112

Centros municipais de actividades

Centro Cultural A Fábrica	981 636 598
Centro Cívico de Sta. Cruz	981 61 47 84
Casa do Pobo de Mera	981 617 662
Casa do Pobo de Iñás	981 631 240
Casa do Pobo de Nos	981 664 257
Casa do Pobo de Dexo-Lorbé	981 618 201
Centro Cultural de Montrove	981 639 422
Casa da Cultura de Perillo	981 636 555
Casa do Pobo de Dorneda	981 614 326
Centro Información Xuvenil	981 636 598
Museo Oleiros J.M.Kaydeda	981 626 692
Castelo de Sta. Cruz	981 630 618
Escola Municipal de Danza	981 639 155
Escola Municipal de Música	981 639 143

Centros educativos

C. Form. Isaac Díaz Pardo	981 631 706
Escola Inf. Esquíu / Dorneda	981 626 638
Escola Inf. A Braña / Maianca	981 617 505
Escola Inf. O Vilar / Nos	981 664 257
E. Inf. O Corgo. Dexo	981 628 064
E. Inf. A Pardela / Os Regos	981 631 788
E. Inf. As Galeras / Bastiagueiro	981 648 446
E. Inf. A Canteira / Perillo	981 977 921
I.E.S. Neira Vilas / Perillo	981 638 903
I.E.S. Miraflores / Oleiros	981 631 615
I.E.S. Mª Casares / Bastiagueiro	981 626 344
C. Luis Seoane / Canide-Mera	981 617 130
C. Parga Pondal / Sta. Cruz	981 614 976
Colexio Valle Inclán / Perillo	981 636 754
Colexio A Rabadeira / Oleiros	981 610 023

Bibliotecas

Central Rialada / Perillo	981 639 511
Rosalía de Castro / Sta. Cruz	981 626 338
María José Trincado / Mera	981 628 507
Iñás	981 631 240
Dorneda	981 614 111
Manuel María / Oleiros	981 610 700
Anxel Fole / Nos	981 664 257
Xoglar Mendiño / Dexo-Lorbé	981 618 201
F. García Lorca / Montrove	981 639 515

Querida lúa

O ciclo da lúa

Chea	2 abril / 2 maio / 1 e 30 xuño
Mingua	10 abril / 10 maio / 8 xuño
Nova	17 abril / 16 maio / 15 xuño
Medra	24 abril / 23 maio / 22 xuño

Transportes

TAXI a domicilio: 981 651 111

En Oleiros TAXI a domicilio tamén no **981 243 333**

Horarios Cal Pita

1 > A Coruña > Fonteculler > O Burgo > San Pedro <	Laborables 6,45■6,55■7,10■7,25■7,35■7,45 a 21 cada 15'■21,30 a 22,30 cada 30' Volta 7 a 21 cada 15'■21,30 a 22,30 cada 30' Sábados Ida 7,10■7,40■8-22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30' Dom+fest Ida 7,10■7,40■8 a 22,30 cada 30' Volta 7,30 a 22,30 cada 30'
2 > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros <	Laborables Ida 7,05 a 22,05 cada hora. Volta 7,35 a 22,35 cada hora Sábados Ida 8,05 a 22,05 cada hora. Volta 8,35 a 20,35 cada hora Dom+fest Ida 10,05 a 20,05 cada hora. Volta 10,35 a 20,35 cada hora
2a > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida 7,05. Volta 7,30 Sábados Ida 8,05■14,05. Volta 8,30■14,30 Dom+fest Ida 10,05■14,05. Volta 10,30■14,30.
2b > A Coruña > Perillo > Montrove > Os Regos > Oleiros > Pousada <	Laborables Ida 16,05. Volta 16,35 Sábados Ida 16,05■19,05. Volta 16,35■19,35 Dom+fest Ida 16,05■19,05. Volta 16,35■19,35.
3 > A Coruña > Perillo > Nos > O Carballo > Oleiros > Sada <	Laborables Ida 6,55 a 20,55 cada hora■último ás 22. Volta 6,55 a 21,55 cada hora Sábados Ida 6,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 7,55 a 21,55 cada 2 horas Dom+fest Ida 8,55■10,55■13,05■14,55 a 20,55 cada 2 horas. Volta 9,55 a 21,55 cada 2 horas
4 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Sada <	Laborables Ida 6,25 a 21,25 cada hora. Volta 6,25 a 21,25 cada hora Sábados Ida 6,25■8,25 a 20,55 cada hora■Último ás 22. Volta 7,25 a 21,25 cada hora Dom+fest Ida 8,25 a 20,25 cada hora■Último ás 22. Volta 8,25 a 21,25 cada hora
6 > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta <	Laborables Ida 6,50■7,10■13,05■ de 7,40 a 20,40 cada hora■De 8 a 12 cada hora■De 14 a 20 cada hora■ Último ás 22. Volta 7,10 a 21,10 cada hora■De 7,30 a 19,30 cada hora■20,50■22,30 Sábados Ida 8,50■9,40 a 20,40 cada hora. Volta 9,10 a 21,10 cada hora Dom+fest Ida 9,40 a 20,40 cada hora. Volta 10,10 a 21,10 cada hora
6a > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Arillo > Rialta > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Oleiros 8h ■ a Soñeiro 20 Volta a Oleiros 8,40 ■ a Soñeiro 20,40
6b > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz > Franzomel > Dorneda > Pousada > Oleiros > Soñeiro <	Laborables Ida a Soñeiro 13,10. Volta de Soñeiro 13,50 Sábados Ida a Oleiros 11■21,10. Volta de Oleiros 11,30■21,45 Dom+fest Ida a Oleiros 10,20 e 13,10. Volta de Oleiros 10,45■13,35
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cruz <	Sábados+dom+fest Ida 10 a 21 cada hora Volta 10,30 a 21,30 cada hora
VERÁN > A Coruña > Perillo > Sta. Cristina <	Luns a domingos Ida 10,20 a 20,20 cada hora Volta 10,50 a 20,50 cada hora

● Aeroporto de Alvedro **981 187 200**

● Estación autobuses A Coruña **981 184 335**

● Estación FFCC San Cristobo **981 153 338**



*Xa somos
32.251
veciños/as
empadroados/as!*

Ata o 10 de abril, a distribución da poboación por parroquias é de:

DEXO (Santa María)	1.395
DORNEDA (San Martiño)	3.478
IÑÁS (San Xurxo)	1.208
LIÁS (Santa Eulalia)	9.332
MAIANCA (San Cosme)	1.017
NOS (San Pedro)	4.138
OLEIROS (Santa María)	2.699
PERILLO (Santa Leocadia)	7.507
SERANTES (San Xulián)	1.477
TOTAL	32.251

Farmacias de garda

	Datas
■ TERESA LEMA ESPASANDÍN Arillo-Avda. República Argentina nº 95 (Dorneda) ● Teléfono: 981 64 84 40	Do 6 ó 12 de abril Do 25 ó 31 de maio
■ MARTA DE SAN IGNACIO GIL DE LA PEÑA Urbanización Os Regos-Isaac Díaz Pardo, 4 (Liás) ● Teléfono: 981 61 41 84	Do 13 ó 19 de abril Do 1 ó 7 de xuño
■ SANTIAGO MAIZ CAL Rúa Camilo Díaz Baliño nº 1- A (Oleiros) ● Teléfono: 981 61 00 27	Do 20 ó 26 de abril Do 8 ó 14 de xuño
■ MARTA VIGUERA MOSQUERA Mera-Rúa Miramar nº 4 (Serantes) ● Teléfono: 981 61 79 37	Do 27 de abril ó 3 de maio Do 15 ó 21 de xuño
■ Mª FREIRE RIAL-TERESA MIGUÉLEZ Avda. Rosalía Castro nº 247 (Perillo) ● Teléfono: 981 63 50 24	Do 4 ó 10 de maio Do 22 ó 28 de xuño
■ Mª ROSA CATRUFO FERREÑO Avda. das Mariñas nº 247 (Nos) ● Teléfono: 981 66 38 90	Do 11 ó 17 de maio Do 29 de xuño ó 5 de xullo
■ CARMEN CASARIEGO TORRES Santa Cruz-Rúa Francisco Comesaña 4-6 (Liás) ● Teléfono: 981 61 45 03	Do 18 ó 24 de maio

EDITORIAL

● O PLAN XERAL: A CARTA MAGNA DOS CONCELLOS

◆ Un Plan Xeral de Ordenación Municipal é a “Carta Magna” que deberían ter todos os concellos. É a figura urbanística máis importante porque non deixa nin un curruncho de terreno sen clasificar: protexe as zonas naturais de interese e recolle como e onde se pode construír ademais de permitir a creación dos servizos, equipamentos e infraestruturas necesarios.

Un Plan de Urbanismo é unha ferramenta imprescindible para pór coto á especulación e á anarquía destrutiva do territorio, o que non impide que o modelo de cidade elixido polos gobernantes de turno sexa máis ou menos proteccionista, ou máis ou menos masificado ou residencialista debido a que a Lei de Solo de Galicia recolle uns mínimos e uns máximos de construción dependendo da categoría poboacional dos concellos. Pero iso será a partires das adaptacións dos plans existentes á citada Lei.

No caso dos Plans de Urbanismo de Oleiros do 1984 e 1995, pola súa singularidade e polos criterios de protección paisaxística e medioambientais establecidos, sempre procuramos que estiveran moi por debaixo dos índices de construción que a normativa permitía e incluso tanto no Plan vixente actualmente como no novo, aprobado provisionalmente o 16 de maio do 2006 e pendente da aprobación definitiva, unha vez que sexa publicado no DOGA, os índices para construír seguen a estar por debaixo da media prevista pola Lei Autonómica.

A carencia de Planeamento e a destrución territorial na maior parte dos concellos galegos, especialmente nos costeiros ou nos de máis relevancia poboacional do interior de Galicia, vén dada pola permisividade ou tolerancia que os responsables das administracións superiores autonómicas ou estatais (Dirección Xeral de Costas), consentiron.

Noutros casos, Plans obsoletos, como os que ata o de agora viñan aplicándose nas cidades e vilas galegas, ou normas subsidiarias e delimitacións urbanas excedidas e carentes dos máis elementais servizos urbanísticos, aplicáronse e aplícanse en consonancia cos criterios pessoais dos políticos e técnicos de turno, según o amiguismo ou a carteira.

Esta política de “deixar facer” dou pé á Galicia do feísmo e á degradación ambiental de infinidade de localidades do noso país.

Nos concellos sempre houbo un certo medo a planificar porque dende o momento en que se ordena o territorio está servida a polémica. Os veciños, por norma xeral, nunca queren entender que a súa propiedade se vexa afectada por unha determinada cualificación, agás cando esta é urbana, e aínda así soe esixir os máximos volúmenes construtivos. De non facelo o político de turno xa ten un inimigo declarado.

Todo isto, ven a explicar a desidia e o desinterés por facer urbanismo neste país; de aí as maiorías aplastantes de aqueles que non planifican en contra daqueles outros que si o fan pero que nunca conseguen as maiorías que dan estabilidade a un goberno.

A demagogia partidista dalgúns políticos contrarios á elaboración de Plans de Urbanismo entra en contradición coa dos seus correligionarios cando gobernan na autonomía ou no estado. Aquelo que non se atreven a esixir ó Alcalde e concelleiros do partido aplícase, dende o distanciamento, con leis carentes de análise e rigor como é o caso da actual Lei de Costas galega ou a nova do bipartito, que pretende impoñer unha medida de “tabla rasa” de cincocentos metros a toda a franxa do litoral galego, ignorando a singularidade e a idiosincrasia dos nosos pobos e vilas.

Estamos dacordo en protexer e así o demostramos, pero antes hai que estudar e analizar onde e por qué é necesaria unha distancia determinada, xa que seguro que nalgúns tramos da costa, polo seu valor medioambiental e paisaxístico, aínda debería de ser maior. Pero Galicia non é só Estaca de Bares ou a Costa da Morte. De Galicia tamén son os innumerables pobos pesqueiros do litoral, e algo van ter que dicir.

Protexamos coa obriga de redactar Plans de Ordenación Municipais e ós que non o fagan así que se lles aplique a normativa.

“O NOVO PLAN XERAL”

CONTRA OS QUE PRETENDEN A DESTRUCCIÓN E A ESPECULACIÓN

SEGUIMOS A CONSERVAR O MUNICIPIO





Alternativa dos veciños / Ángel García Seoane. Presidente de Alternativa dos Veciños

TI DECIDES

Dentro duns días, os veciños terán na súa man o poder para elixir ós que gobernarán os destinos de Oleiros durante os vindeiros catro anos.

Folga dicir a importancia que ten que o voto se emita nunha ou noutra dirección. Oleiros é un concello que, pola súa importancia e situación socioeconómica que o situou como un referente de calidade de vida,

necesita un goberno estable, un goberno forte e comprometido na defensa do estatus acadado co esforzo de tantos homes e mulleres que co seu empeño e constancia o fixeron posible.

Hoxe dicir que es ou vives en Oleiros é motivo de orgullo e satisfacción.

Os que o fixeron posible, os que coa súa aportación

patrimonial e cooperación o impulsaron, os que se implicaron dende as distintas asociacións e participaron no impulso cultural, social e deportivo do noso concello, os que intelixentemente souberon valorar e elixiron Oleiros como lugar da súa nova residencia e da súa familia, os que coas súas críticas sans e construtivas nos suxeriron enmendas a

certas políticas ou erros cometidos na nosa xestión, están na obriga de meditar moito o seu voto. Está en xogo o futuro de Oleiros, a calidade de vida, o progreso ordenado e o crecemento sostible.

Oleiros está por riba de intereses partidistas e persoais.

Por Oleiros, non deixes de ir a votar.



Partido Popular de Oleiros / Pablo Cobián, candidato del Partido Popular a la alcaldía de Oleiros

QUEREMOS UN ALCALDE QUE NOS DEJE CONVIVIR ENTRE VECINOS

En la reciente “festa dos vellos” asistimos como es habitual a una representación del juicio del alcalde actual por un hipotético tribunal inquisidor que lo condenaba para ser salvado posteriormente por su pueblo.

Algunos se olvidan que en las democracias europeas consolidadas no hay que salvar a nadie, porque esa misión se

la dejamos a los jueces no a la Inquisición, y simplemente se trata de renovar nuestro voto de confianza o retirárselo. Así de sencillo.

Politizar todas las fiestas incluso “a dos vellos” es propio de este alcalde, que trata de trasladar al ciudadano ese nivel de confrontación política que sólo a él le beneficia, para de esta forma evitar una normal

convivencia entre distintos signos políticos que en la calle son amigos, vecinos y se relacionan muy a pesar suyo.

Al final siempre lo mismo, la injusticia que siempre practica este alcalde para distinguir entre amigos y enemigos, convertir las fiestas populares municipales en actos partidistas donde uno va a una fiesta y se encuentra con un

mitin y sobre todo evitar ser el alcalde que prometió, “**de todos los Oleirenses**”

Aunque este pueblo es confiado y a veces se muestra cansado, conserva una gran virtud y es que “**no se la dan tan fácilmente**”.

Si deseas ver lo que aquí no nos permiten www.ppoleiros.es



Grupo Municipal Socialista / Covadonga Díaz Varela. Candidata por el PSdeG-PSOE a la Alcaldía de Oleiros

ESPERO PONER FIN A LA POLÍTICA DE CONFRONTACIÓN Y DEL ODIO

Mi intención y la del grupo del PSdeG-PSOE es poder explicaros, personalmente, las propuestas que tenemos para devolver a Oleiros el protagonismo que se merece. Creemos que vuestra participación es imprescindible. Queremos gobernar con transparencia, para poner fin a la política de confrontación y del odio.

El gobierno municipal ha impedido la participación real de los concejales en el Plan de Urbanismo. Queremos construir

un Oleiros mejor, con criterios de crecimiento sostenible y de alta calidad urbana, frenar la masificación y hacer de la disciplina urbanística la lucha contra la ilegalidad y la arbitrariedad. La protección medioambiental y la contención de la presión urbanística sobre la costa deben ser acometidas en colaboración con la Xunta.

Queremos un ayuntamiento que apueste por la modernidad, las comunicaciones y el transporte público. La vía Ártabra

que está siendo tramitada por la Xunta debe ser complementada con un puente que una Bastiaguero (curva Nirvana) con Casablanca, en A Coruña.

Proponemos crear el registro municipal de demandantes de vivienda protegida, para conocer las necesidades de los oleirenses y garantizar que todos los oleirenses que lo necesiten puedan adquirir o alquilar en Oleiros.

El gobierno no ha sabido crear una red

de residencias para nuestros mayores. Con la Xunta y la iniciativa privada debemos conseguirlo.

Finalmente, el compromiso de la Consellería de Sanidad pronto hará realidad el nuevo centro de salud de Oleiros.

Os animo a que compartáis conmigo vuestras opiniones, propuestas o críticas. Podéis hacerlo en el teléfono 981 61 18 37 y en la página web: www.oleiros.net



Bloque Nacionalista Galego

BNG DE OLEIROS: A FORZA RESPONSÁBEL

Coa proximidade das eleccións municipais imos asistir aos típicos enfrontamentos, descualificacións e acusacións entre as forzas políticas que concorrerán á disputa das 21 actas de concelleiro. Levamos xa tempo observando, por unha banda, como o goberno ten abandonado o seu labor,


preocupándose máis por limpar unha imaxe deteriorada do seu candidato que de gobernar para os veciños, e por outra, a unha coalición opositora (PSOE-PP) instalados nunha política catastrofista que non se axusta para nada á realidade do concello. Só o BNG mantén o sentido

común e aos veciños e veciñas do Concello como única preocupación da súa acción política. Oleiros debe dar un paso decidido para garantir a pervivencia dun urbanismo sustentábel á marxe de grupos de presión e de intereses particulares, e iso neste intre só o pode garantir o apoio

xeneralizado ás políticas responsábeis e independentes practicadas polo BNG. O bloque fará propostas positivas e realistas para o concello. Os líos, para os demais.

BNG OLEIROS
www.blogoteca.com/bngoleiros

OS PROXECTOS DE AMPLIACIÓN DA N-VI



■ O Ministerio de Fomento está a traballar na realización de tres novos proxectos para a ampliación da N-VI e mellora de diversos enlaces de comunicación con outros viais situados a carón da estrada nacional. Unha das zonas máis afectadas pola reforma é a do cruce do Sol y Mar, na localidade de Perillo, onde a solución pasará pola creación de novos accesos a distintos niveis e a dotación de dous novos carrís dende O Batán ata O Carballo. Ademais, prevese a construción de dúas rotondas situadas fronte á Urbanización O Pinar, xunto ó novo complexo de vivendas protexidas, e outra no cruce coa estrada de Oleiros a Sada, con pasos a diferente nivel para acadar unha maior fluidez do tráfico.

◆ Estas obras afectarán a decenas de fincas e vivendas polo que o goberno local ten previsto realizar dúas asembleas veciñais nas localidades de Perillo e Nos para informar ós propietarios e residentes que se vexan afectados polas obras. Dende o consistorio, tamén que se lles prestará o apoio e axuda institucional que precisen poñendo á súa disposición un servizo de asesoría xurídica para evitar que se produza calquera inxustiza derivada dun proceso expropiatorio, opción a ter en conta polo Ministerio de Fomento para o desenvolvemento do proxecto.

Asimesmo, en caso de producirse expropiacións en vivendas habitadas, o Concello de Oleiros dará prioridade ás familias afectadas, que así o requiran, nos vindeiros procesos de adjudicación de vivendas sociais de promoción municipal.

2ª fase Paseo da Ría

NOVOS OBSTÁCULOS RETRASAN AS OBRAS DO ÚLTIMO TRAMO



■ En breve, o novo tramo do paseo dará continuidade ó xa rematado na zona de A Fábrica

◆ Comezaron as obras de construción da 2ª fase do Paseo da Ría, no tramo comprendido entre A Ponte de A Pasaxe e Santa Cristina. Pero, lamentablemente, non estará rematada en vindeiras datas debido ós problemas de concesións que ten sen resolver o Ministerio de Medio Ambiente. Estes tramos inacabados e pendentes de resolución abarcan o ámbito comprendido entre a Ponte Pasaxe e o Hábitat, polo que os usuarios da 1ª fase do novo paseo marítimo, de Agramar ata a Ponte, terán, de momento, que acceder á Avenida Che Guevara para desprazarse ata Santa Cristina.

Outro impedimento imposibilitou a continuidade do paseo iniciado fronte á Fábrica, quedando pendente a creación dunha ponte peonil para unir a finca Bescansa e o Hábitat, cunha conexión á Ponte Pasaxe.

Este paseo, ademais de permitir a recuperación medioambiental do entorno da ría, dotará dun vial peonil máis seguro, cómodo e tranquilo ós usuarios e, especialmente, ós veciños que residen nas inmediacións da N-VI e da ría. Deste xeito, gañamos unha nova área de lecer afastada do ruído e da contaminación que produce o intenso volume de tráfico rexistrado nesta zona.

RESTAURANTE CON ENCANTO A CARÓN DA RÍA

◆ Oleiros xa conta cun novo local de hostalería con denominación de orixe. Casa Guyatt, situada na rúa do Inglés (Santa Cristina) a carón da ría, convertese así nunha dimensión aberta



ós sentidos onde a cociña tradicional e a boa mesa conviven con unha decoración do máis vangardista con amplas e privilexiadas vistas. Tres andares destinados a vinoteca- cafetería, comedor e reservado, envolven de confort e romanticismo un local que ademais de prestar un servizo diario ós usuarios de A Fábrica tamén permanecerá aberto ó público que queira desfrutar dun novo espazo con encanto a carón do mar.

O XULGADO PERMITE REMATAR AS BEIRARRÚAS EN VALLE INCLÁN E CELSO EMILIO ▼

◆ O Tribunal Contencioso Administrativo acordou levantar a suspensión solicitada no seu día por parte dun grupo de "afectados", dirixido polo PP, pola construción de beirarrúas que o Concello de Oleiros estaba a realizar na rúa Valle Inclán (Perillo) e en Celso Emilio Ferreiro, na localidade de Mera.

Catro propiedades na primeira e tres na segunda impedían a continuidade e finalización, nos frontes das fincas, dunhas obras necesarias para a seguridade dos peóns. Agora o consistorio procedeu

á demolición dos cerrumes destas fincas para a construción inmediata dos tramos de beirarrúas que ata o de agora permanecían paralizadas.

É de lamentar que obras que podían estar rematadas e prestando un servizo público ós centos de cidadáns que transitan por ambas zonas, entre os que se atopan máis de 600 escolares que a diario se desprazan ós centros educativos existentes nas inmediacións, se viran privados do dereito a circular seguros pola vía pública ó carecer dunha zona peonil que garantira a súa integridade.



■ Obras de retranqueo na rúa Celso Emilio Ferreiro



■ Peches afectados en Valle Inclán polas novas beirarrúas

CONTRATAMOS NOVAS OBRAS PARA MELLORAR OS SERVIZOS PÚBLICOS ▼

◆ O Concello de Oleiros xa ten aprobados para os vindeiros meses varios proxectos de obras de reparación e mellora de espazos públicos e infraestruturas culturais, veciñais e deportivas dentro do plan municipal de conservación e optimización dos recursos para unha correcta prestación dos servizos públicos. A continuación, detallamos as novas obras xa contratadas así como as que se atopan en fase de contratación e as que está previsto realizar. Todas foron aprobadas en varias sesións plenarias celebradas nos pasados meses.

CONTRATADAS

- Eliminación de barreiras arquitectónicas na Casa Echeverri. Ascensor e adaptación dos aseos para discapacitados.
- Reparación das galerías da Casa do Pobo de Lorbé.
- Mobiliario para a ampliación da biblioteca de As Torres.
- Instalación de elevadores hidráulicos nas piscinas climatizadas municipais. Facilitando o baño a persoas con problemas de accesibilidade.
- Colocación de canastras na pista do parque José Martí.
- Renovación das tubarías de auga na rúa A Xesta - Santa Cruz e outras.
- Mellora do alumeadado público da urbanización Rialta - Dorneda.
- Tramo da rede de saneamento na rúa da Igrexa - Liñas.
- Plantación de árbores no termo municipal.

EN CONTRATACIÓN

- Novo campo de herba artificial no municipal de Condús-Oleiros.
- Mellora do bombeo de auga potable de As Pedras-Montrove.
- Acondicionamento das murallas da Illa do Castelo de Santa Cruz.
- Adquisición equipamento centro lecer.
- Adquisición de equipamento para as escolas infantís de: As Galeras, A Canteira e A Pardela.
- Cubrición da pista polideportiva e acondicionamento do campo da festa de Perillo.
- Renovación de tubarías de abastecemento de auga na rúa Garrucha (Liñas) e na urbanización Rialta (Dorneda).
- Reforma das aulas de Río da Loba para dependencias provisionais da Garda Civil.
- Limpeza e pintado do Cemiterio municipal de Liñas.
- Acondicionamento da parcela da Casa Echeverri e acondicionamento interior.
- Melloras nos parques de Agramar e Beiramar.
- Ordenación do cruce da Avenida Venezuela coa rúa do Río (Oleiros).
- Melloras na zona verde e novo acceso ao campo de fútbol en Os Regos.



O GOBERNO EXECUTARÁ MÁIS PROXECTOS PARA OS OLEIRENSES

■ *A non aprobación dos orzamentos non impide seguir atendendo as necesidades dos veciños*

◆ Aínda que os orzamentos do presente exercicio están prorrogados, o goberno municipal, ó igual que noutras ocasións, incluíu no capítulo de investimentos un conxunto de obras e servizos que se levaron ás correspondentes sesións plenarias para a súa aprobación e posterior contratación.

O goberno local é consciente de que a situación política actual e o período pre-electoral no que nos atopamos, ás portas dunhas eleccións municipais, os orzamentos do 2007 non serían aprobados ante os distintos intereses partidistas existentes, como xa ten acontecido en anos anteriores. Por iso, para evitar que se paralice a actividade institucional en materia de obras e servizos, presentaremos diversos paquetes de melloras para a súa contratación e adxudicación dun xeito individualizado nos correspondentes plenos da corporación municipal.

Logo dun primeiro lote de obras, xa aprobadas o pasado mes de febreiro, para a mellora de edificios públicos e outros servizos de interese xeral, relaciónanse as novas actuacións previstas que serán abordadas en sucesivos plenos ó longo do presente exercicio.

Pavimentación / Asfaltados / Melloras de rúas:

- Rúa O Lameiro (Nos)
- Camiño da Fieiteira (Serantes)
- Rúas da Praza de Liáns
- Rúa Foro (Oleiros)
- Rúas de Xubín (Oleiros)
- Accesos á praia de Naval
- Rúas na Urb. Icaria
- Arranxos en: rúa Arrequeito (Dexo), camiño da Agra dos Regos e na rúa do Sentimento (Oleiros)
- Reparación dun tramo da rúa da Xustiza (Nos)
- Novo acceso ó campo de fútbol de Santa Cruz
- Construción dunha semirotonda no acceso principal da urbanización Os Regos
- Asfaltado de rúas deterioradas na urbanización de Os Regos: río Eo, tramo en río Tambre
- Dotación de infraestruturas e pavimentación na rúa dos Prados (Liáns)
- Ordenación do cruce Avda Venezuela - Rúa do Río
- Apertura, pavimentación e alumeado rúa Eira da Concha (Liáns)

Auga e Saneamento

- Mellora nas redes de saneamento da urbanización de Os Regos

Edificios Públicos

- Adaptación da Escola Infantil da Braña (Mera)

Alumeados

- Melloras no alumeado do casco de Xoés
- Melloras en varios lugares do municipio

Beirarrúas / Arcéns peonís:

- Arenaza – Comezo da rúa da Vila
- Breixo - Lourido
- Rúa Nova (Perillo)
- Rúa As Torres ata o linde con Sada
- Mellora das beirarrúas da Avda. Francisca Herrera e no parque Rígoberta Menchú

Parques / Prazas / Paseos

- Recuperación ambiental do bosque do Parque Metropolitano de Liáns
- Cerramento lateral da parcela da pista de Iñás
- Mellora do parque infantil da urbanización Bastiagueiro
- Construción da senda costeira entre Galeras e o Paseo de Sta. Cruz
- Recuperación dos lavadoiros do Espiño (Liáns) e de Río da Loba (Oleiros)
- Novas actuacións no parque de As Toxeiras
- Instalación de 21 novas marquesiñas do plan de transporte metropolitano

Obras de urbanización: unidade de actuación finca de Alonso (Santa Cruz) para a ampliación da zona verde xunto ó monumento Luis Seoane

Adquisición de terreos para o parque da praia de Naval e a senda costeira Canide - Santa Ana

Promoción económica: Viveiro de empresas en Iñás - Construción de naves

RECONSTRUÍDO O PASO PEONIL SOBRE O RÍO DO SEIXO, EN CAMPOMAR (LIÁNS)

◆ Os veciños das Camposeiras e da zona do Couto de Dorneda xa dispoñen dunha nova ponte peonil como alternativa á circulación pola estrada autonómica cara Santa Cruz, moi perigosa para os viandantes polo elevado número de curvas existentes na citada vía. A vella ponte, que cruza o Río Seixo en Campomar (Liáns), foi reconstruída polo Concello de Oleiros de maneira urxente ante o grave deterioro sufrido na súa estrutura con motivo das últimas chuvias.

A nova construción, que conecta a zona do Couto de Dorneda e as Babilonias, posibilitou a recuperación do tránsito de peóns servindo, ademais, de cruce para o colector de saneamento xeral tamén renovado para asegurar a súa estanquidade así como para a tubaría xeral de auga.



TECNOLOXÍA DE VANGARDA PARA A NOVA DEPURADORA DE OLEIROS ▼

■ *Oleiros xa conta cunha nova depuradora. Está situada na parroquia de Santa María, na rúa Corredío pertencente ó núcleo de Xubín. A nova instalación, dotada con tecnoloxía de vangarda, vén substituír á antiga planta, situada ó lado da nave de Servizos Municipais. Esta actuación, valorada en 1.500.000 euros á marxe do valor dos terreos obtidos mediante convenios urbanísticos, era un dos principais obxectivos do Goberno Municipal para mellorar o tratamento das augas residuais e a protección medioambiental do Concello logrando así un notable incremento na calidade de vida dos veciños.*

◆ Tanto a dotación de recursos como a ubicación elixida respontan a un coidadoso estudo levado a cabo para acadar un maior rendemento e aproveitamento desta instalación de última xeración que está dando servizo a toda a poboación de Xubín, permitindo a eliminación dos bombeos de augas residuais que había nese lugar e na zona de O Bosque. Tamén os residentes do último tramo das rúas O Bulleiro e Corredío están a desfrutar das vantaxes da nova depuradora grazas á implantación dunha rede de sumidoiros axeitada ás súas necesidades actuais, algo que ata o de agora era imposible.

O futuro campo de golf tamén resultará beneficiado posto que o efluente da depuradora aproveitarase para regar o novo complexo deportivo, ubicado nas inmediacións, ó tempo que permitirá mellorar sustancialmente a situación ambiental do río que discorre dende a parroquia de Santa María de Oleiros ata a praia de Santa Cruz causando unha afección mínima ó entorno grazas á aplicación dunha tecnoloxía de vangarda.



■ O tratamento terciario das augas permite a súa cloración antes do verquido

Equipamento ▼

◆ A nova depuradora de Oleiros está equipada con todos os servizos necesarios para unha prestación de calidade, moderna, axeitada e respectuosa co medio natural ademais de varias zonas reservadas para a realización de xestións administrativas e uso privado do persoal encargado do seu mantemento diario.

Pero, sen dúbida, un dos elementos máis característicos e innovadores reside no proceso de tratamento de fangos que, unha vez desecados e prensados, poden ser reutilizados para a agricultura ou tratamento primario, secundario e terciario das augas destinado á cloración da auga antes do seu verquido, o que a converte nunha planta capacitada para cubrir o desenvolvemento futuro e previsible da parroquia, de acordo co PXOM.

Por outra banda, o Concello de Oleiros agradece ós propietarios das fincas afectadas polas obras de construción da depuradora a súa colaboración no desenvolvemento das mesmas.

Próximamente, o goberno municipal tamén porá en funcionamento a nova depuradora de Lorbé, moi demandada polos veciños desta localidade.

■ Se tes materiais de gran volume, electrodomésticos, colchóns, mobles e outros enseres de maior capacidade, tira con eles ó **PUNTO LIMPO**

Nas inmediacións da Urbanización Fonte Douro, na rúa O Barbanza (estrada de Santa María de Oleiros a Iñás).

HORARIOS: de luns a venres: de 09:30 a 13:00 e de 15:00 a 19:00 horas
Sábados: de 09:00 a 14:00 horas

● **A UTILIZACIÓN DO PUNTO LIMPO NON É UNHA ALTERNATIVA**

● **É UNHA OBRIGA. ÚSAO** ←



O VINDEIRO 12 DE MAIO INAUGÚRASE A PISCINA MUNICIPAL CLIMATIZADA DE OLEIROS ▼

■ *Despois de máis de seis meses de retraso finalizaron as obras da nova piscina municipal ubicada na rúa Miguel Hernández, fronte ó IES Miraflores, de Oleiros. Cun investimento de 1.885.798,78 euros consolídase un proxecto que da paso á terceira piscina municipal climatizada e dotada de amplos espazos e servizos para os usuarios e os amantes do deporte. Un novo emprazamento, máis cercano e cómodo, para os veciños das parroquias lindantes que permitirá incrementar a oferta existente ata o de agora e evitar desprazamentos ata as instalacións de A Fábrica ou de A Canteira, o que sen dúbida tamén redundará nunha notable desconxestión das mesmas.*

◆ A nova piscina cuberta está equipada na área de natación con dous vasos destinados á práctica e aprendizaxe de nenos e adultos. Tamén dispón de tres ximnasiaos habilitados coas correspondentes dotacións técnicas e amplas zonas reservadas para a sauna e os vestiarios. A superficie restante pertence a ámbitos de uso exclusivo do persoal, destinados a zonas de almacén, servizos sanitarios, etc...

Aínda que a nova piscina conta cun entorno exterior habilitado para aparcamento público, o goberno local ten previsto ampliálo por considerar que inicialmente trátase dun ámbito moi reducido e insuficiente para acoller a demanda potencial prevista para o novo emprazamento. Por iso, o Concello xa ten previsto a creación dun estacionamento en terreos ubicados no fronte do edificio mediante o desenvolvemento do Plan Parcial. Deste xeito, prestarase servizo ós usuarios da piscina, ós do instituto e os do futuro centro de saúde.

O vindeiro día 12, ás 18:00 horas, inaugúrase as novas instalacións e, en breve, abrírase o prazo para o seu uso público. Máis información nos departamentos de cultura e no Centro Cultural de A Fábrica, a través do teléfono de Atención ao Veciño (981/610 000), así como na propia piscina.



BOICOT INSTITUCIONAL Ó AUDITORIO DE BASTIAGUEIRO ▼

◆ Unha vez máis o boicot do grupo socialista de Oleiros, utilizando o poder que ostentan na Xunta de Galicia, está a paralizar o inicio das obras do futuro auditorio municipal de Bastiagueiro, no que ademais está previsto albergar a nova escola de danza, salas de exposicións e outras zonas de usos múltiples para a celebración de diversas actividades culturais que redundarán na prestación dun servizo público de calidade acorde á demanda dos oleirenses.

A Consellería de Política Territorial emitiu, para a tramitación do Plan Especial deste ámbito, despois de esgotar os prazos establecidos pola lei e xa fora de tempo, un informe obrigando ó consistorio a comezar as xestións cunha interpretación retorcida das leis que pon ó Concello na disxuntiva de presentar un contencioso-administrativo ou iniciar o proceso. Ambas opcións retrasarán durante meses este ambicioso proxecto, vendo así os membros do PSOE oleirense cumprido o seu principal e único obxectivo: deixar evidenciar unha mala xestión municipal para agochar o que en realidade está a ser a negación pola súa parte dunha das prestacións culturais que Oleiros tanto precisa.

A demagogia dos edís socialistas lévaos a insinuar que a inversión do auditorio, resultante exclusivamente da xestión urbanística promovida polo goberno local, se destine a tapar os baches e arranxar as estradas que o goberno autonómico ten nun estado deplorable por todo o territorio oleirense.


Pola súa banda, o goberno municipal executará o futuro auditorio municipal ao amparo da aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

O CONCELLO CONTRATARÁ A LIMPEZA DE EDIFICIOS CON PINTADAS VANDÁLICAS ▼

■ *O Concello de Oleiros procede á contratación dun servizo especial de limpeza para a restauración e mantemento das fachadas deterioradas pola actitude incívica e irresponsable dun grupo de mozos que está a ensuciar e manchar con pintadas e grafites boa parte do patrimonio público municipal así como numerosas vivendas e fincas privadas.*

◆ Dende hai tempo estes gamberros, que non grafiteros aínda que, nalgúns casos, sexan artistas frustrados, están a afeax e manchar coas súas pintadas tanto edificios públicos como particulares baseados, na súa maioría, na estampación de siglas, a modo de sinatura, ou mensaxes codificadas que evidencian posibles problemas no seu entorno ou conflitos persoais moi arraigados nas súas vidas. Neste senso, hai expertos que aseguran que este tipo de vandalismo constitúe unha maneira de canalizar a agresividade e a soidade dos seus autores pese a que tamén hai quen se suma a este feito por simple imitación.

O certo é que os traballos de limpeza e acondicionamento de edificios e do mobiliario público urbano teñen un custe moi elevado para as arcas municipais repercutindo así en todos os cidadáns polo que o goberno oleirense apela, unha vez máis, á colaboración veciñal para denunciar e impedir así que se sigan a producir este tipo de actos incívicos, de maneira impune por todo o municipio ante a ollada impotente e frustrada dos oleirenses. Unha chamada a tempo á Policía Local, marcando o 981/610 001, pode contribuir a evitar unha maior degradación dos entornos urbanos e a desaparición de pandillas encabezadas por estes grupos que cada vez están a ter máis presenza nos parques e rúas do municipio podendo chegar a influír negativamente sobre os nosos rapaces.



◀ MELLORAS NO CEMITERIO DE LIÁNS

◆ O Concello de Oleiros vén de contratar a unha empresa para acometer os traballos de limpeza e pintado dos nichos do camposanto de Liáns así como das rúas peonís existentes no recinto interior. Outros factores como a humidade existente na zona e unha falta de mantemento nos últimos anos requirían unha intervención para prestar a atención e melloras que viñan demandando os veciños.

PRECISAS UN PERMISO PARA REALIZAR UNHA QUEIMA?

- EN ZONAS AGRÍCOLAS: ——— 902112000
- EN ZONAS FORESTAIS: ——— Todos os mércores na Policía Local a partires das 10:30 horas

▶ MÁIS INFORMACIÓN: 981/775 870

A nova orde autonómica en Vivenda de Protección

O CONCELLO APOSTA POLAS COOPERATIVAS FRONTE Ó REXISTRO ÚNICO DA XUNTA ▼

◆ A política municipal de vivenda social para as familias con menos recursos que ata o de agora estivo levando a cabo o Concello de Oleiros, posibilitando o acceso á vivenda a máis de 494 familias do noso municipio en lugares emblemáticos das diferentes urbanizacións espalladas polo territorio, está acotada dende o pasado día seis de febreiro coa publicación no Diario Oficial de Galicia dunha orde da Consellería de Vivenda e Solo pola que se **IMPIDE** que os veciños de Oleiros poidan acceder na súa totalidade ás futuras vivendas sociais que se realicen no concello por promoción pública ou por iniciativa privada.

A citada orde establece que se creará un **REXISTRO ÚNICO** de demandantes de vivendas de protección oficial común para toda Galicia. O proceso de adjudicación realizarase por estricte orde de inscrición dentro do mesmo, dándolle ós solicitantes a opción de elixir catro concellos da comunidade autónoma. Deste xeito, calquera veciño do territorio galego poderá optar, si a orde de preferencia na listaxe así o asina, a unha vivenda no noso municipio en caso de figurar entre os catro primeiros seleccionados polo peticionario.

A ninguén se lle esquece que Oleiros é un **concello singular e modélico** moi desexado como lugar de residencia e, polo tanto, sen dúbida algunha destino idóneo para calquera cidadán da comarca que o incluíra entre as súas primeiras preferencias. Isto traducirase en que, nunha listaxe de máis de 50.000 nomes, as posibilidades para os veciños de Oleiros serán moi escasas ou practicamente nulas nunha elevada porcentaxe de casos.

Si a isto engadimos que nos municipios galegos non se fai política de fomento en materia de vivenda social e que a comunidade autonómica non ten capacidade para cubrir nin o 10% da necesidade existente en Galicia, -sendo Oleiros un dos poucos municipios que si realiza este tipo de política en base a un plan xeral que agora reserva o 10% do solo e nun prazo inmediato pasaría a ser dun 20%-, os nosos veciños terán que ver como cidadáns doutros municipios galegos veñen residir a Oleiros, nun solo que é parte do noso patrimonio público, mentres esperan anos para que lles toque un piso en algún lugar de Galicia, **illados e desarraigados** do seu territorio.



■ Canide. Maianca



■ O Seixal. Nos



■ Mesón da Auga. O Carballo



■ Carballido. Perillo



■ A Pezoca. Oleiros



■ Obelisco. Oleiros



■ Caavamontes. Perillo



■ Icaria. Montrove



■ Meixonfrío. Sta. Cruz



■ O Graxal. Nós



■ As Galeras. Sta. Cruz



■ A Cova. Iñás

ALTERNATIVAS: cooperativas e comunidades

◆ Como todas as leis e as normas teñen o seu truco o goberno municipal, ao amparo do establecido na orde como apartado C- artigo 11, impedirá que o solo dos veciños pase a mans alleas procedendo de inmediato á **constitución de cooperativas ou comunidades de propietarios** co fin de que promovan directamente as súas vivendas de protección como xa se fixo coas ubicadas no lugar de As Torres, na parroquia de Santa Mª de Oleiros, que proximamente poderán desfrutar.

O Concello abrirá un **prazo de presentación de solicitudes** para as futuras e inmediatas vivendas de protección que se van construír en Meixonfrío (Santa Cruz) e nas urbanizacións de A Pezoca e Obelisco, en Oleiros.

ENQUISTA MUNICIPAL

A Opinión dos VECIÑOS

Como en anos anteriores, dende o goberno local quixemos saber e coñecer a opinión dos veciños de Oleiros sobre as xestións municipais levadas a cabo e as prestacións e infraestruturas realizadas así como a valoración cidadá ó respecto da oferta cultural, social e deportiva que dende o concello poñemos ó voso servizo, sen esquecernos das críticas e suxerencias prantexadas que afectan á vida municipal e que non estaban contempladas na enquisa.


Para nós, este último apartado ten tanto ou máis valor que os prantexados no formulario remitido á máis de 11.600 fogares oleirenses. A continuación, amosamos o resultado obtido nos diferentes apartados da enquisa xunto cos asuntos que máis vos preocupan, cun elevado índice de coincidencia entre os enquisados dentro da sección de críticas e suxerencias, e que serán obxecto de estudo ou subsanación pola nosa banda.

SERVIZOS MUNICIPAIS E INFRAESTRUTURAS


■ A política municipal realizada polo goberno oleirense na prestación de actividades culturais, sociais, deportivas vén a consolidar os froitos dunha xestión constante e continuadora no tempo aínda que innovadora e rupturista nos contidos, capaz de cubrir a demanda existente adaptándose ás novas necesidades dunha sociedade en permanente cambio e crecemento.

Tamén tomamos nota da incesante demanda cidadá en materia de promoción de vivenda pública así como no desenvolvemento de políticas de emprego local coa finalidade de promover entre os veciños un coñecemento máis detallado e exhaustivo sobre ambas materias.


BIBLIOTECAS




OFERTA CULTURAL




OFERTA DEPORTIVA




ATENCIÓN Á 3ª IDADE




SEGURIDADE CIDADÁ




COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE




MEDIO AMBIENTE



PROMOCIÓN VIVENDA PÚBLICA




FOMENTO EMPREGO



Está dacordo co modelo de urbanismo que leva a cabo o concello?


■ Contra o que pensan algúns e pese a que nos queremos cambiar o modelo urbanístico, os veciños de Oleiros valoran e premian a xestión municipal levada a cabo durante moitos anos por camiños pedregosos, cheos de obstáculos e zancadillas. Dende o goberno local seguiremos traballando e loitando por perpetuar a Oleiros como un concello singular, ordenado e modélico para vivir onde o urbanismo e a natureza sigan convivindo en harmonía sostible.




A XESTIÓN NAS ÁREAS

Resulta satisfactorio comprobar como valorades moi positivamente o esforzo levado a cabo, un ano máis, na creación e optimización dos servizos públicos. A dotación de equipamentos e novas infraestruturas, en prazas e parques, beirarrúas e andéns, vai da man dunha política de mantemento e conservación capaz de garantir o correcto funcionamento dos servizos ofertados, como no caso da recollida do lixo, a limpeza viaria ou o alumeado público. Aínda así seguiremos traballando para incrementar a oferta de outros, susceptibles de mellora (camiños e rúas) e preocupantes (aparcadoiros).


PARQUES E PRAZAS




LIMPEZA VIARIA




BEIRARRÚAS E ANDÉNS




RECOLLIDA DO LIXO



CAMIÑOS E RÚAS




ALUMEADO PÚBLICO




COMUNICACIÓN E INFORMACIÓN

A información e o tratamento interno e externo ofrecidos dende o consistorio aos seus cidadáns acadan un resultado moi positivo obtendo os parabéns dos oleirenses que se amosan satisfeitos co traballo realizado polos funcionarios municipais e a atención personalizada que prestan ós veciños. De feito, todos os medios de comunicación incrementan as súas cualificacións con respecto a enquisas de anos anteriores. O Vivir en Oleiros é a canle de información máis consolidada entre a poboación (67%) seguida dos paneis luminosos ubicados nas rúas (66%), as publicacións municipais (64%) e os folletos divulgativos (63%). Radioleiros, as cartas informativas e a web perfílanse como outros medios de interese.

APARCADOIROS




SANEAMENTO, AUGA E SUMIDOIROS E REDE DE ALCANTARILLADO




SERVIZOS PÚBLICOS DE COMPETENCIA PROVINCIAL, AUTONÓMICA OU ESTATAL

En liñas xerais as cualificacións obtidas polos servizos públicos supramunicipais resultaron moi baixas como mostra do desacordo e insatisfacción dos oleirenses ó respecto. A prestación peor valorada é a relativa ás estradas. O mal estado no que se atopan algunhas vías estatais ou autonómicas pasa factura obtendo entre o 80% dos enquisados a valoración de regular/mala. En consecuencia, a continuación sitúase o tráfico que obtén unha consideración de malo/regular do 74%. O transporte público (73%) e Correos (70%) son outros dos servizos que non logran o aprobado dos veciños. Tan só a atención sanitaria, pese ás críticas recibidas polo mal funcionamento do servizo de cita previa no centro de saúde de Perillo, resulta satisfactorio para a maioría dos usuarios obtendo unha cualificación de boa/moi boa do 65%.

REPRESENTACIÓN POLÍTICA



Practicamente a totalidade dos enquisados asegurou coñecer ó grupo que goberna no Concello de Oleiros (96,5% Alternativa dos Veciños fronte ó 3,%% que NS/NC) procedendo a valorar o labor desempeñado por cada unha das agrupacións políticas así como o dos seus líderes. En todos os casos, ambas gardan estreita relación.



AS VOSAS CRÍTICAS E SUXERENCIAS

Da totalidade das enquisas remitidas ó Concello de Oleiros podemos extraer un denominador común que pasa polo incremento e mellora dos diferentes servizos e infraestruturas existentes sen apreciar apenas críticas á xestión realizada no último ano.

Así cómpre destacar como as demandas máis frecuentes a realización de actuacións para o mantemento e mellora dos equipamentos existentes:

- parques infantís
- pasos de peóns e badéns para redución da velocidade nas estradas
- campañas de conciencia cívica en materia de tenencia e tránsito de cans así como para a erradicación de actos vandálicos (grafitos, destrozos no mobiliario urbano...)
- control e ordenación do tráfico nos núcleos urbanos de maior tránsito
- novos contedores polo municipio e puntos de iluminación no parque Luís Seoane e paseo da Ría, en Perillo

- reparacións do alumeado público
- limpeza e mantemento dos principais areas urbanos durante o inverno
- conservación da rede de rexistros de pluviais
- reparación de camiños

Neste apartado os cidadáns tamén se amosan preocupados pola búsqueda de solucións para:

- o transporte público municipal
- a telefonía móbil e eliminación das antenas de Perillo e Os Regos
- danos e molestias causadas polos monopatinadores

Especialmente críticos maniféstanse os oleirenses co servizo de cita previa do centro de saúde de Perillo que, non sendo competencia municipal, tentaremos realizar as xestións oportunas ante o Servizo Galego de Saúde co fin de mellorar e axilizar a atención cidadá prestada.

O NOVO PLAN XERAL DE OLEIROS NAS TÚAS MANS

Con esta nova edición do Vivir en Oleiros facémosche entrega de un cedé cunha copia do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Oleiros que, logo de catro anos de tramitación, foi entregado á Xunta de Galicia o pasado día 1 de xuño de 2006 tras dúas exposicións públicas e a correspondente remisión previa, o 16 de marzo de 2005, para a elaboración do preceptivo informe. De igual xeito, foi enviado tamén a todos os organismos competentes da Administración do Estado e do goberno autonómico (13 institucións públicas entre as que figuran varios ministerios, consellerías e delegacións estatais) que elaboraron informes favorables ou asumiron, por silencio administrativo, o novo Plan Xeral.

Asombrosa e inexplicablemente a Consellería de Política Territorial, despois de esgotar os tres meses de prazo estipulados por lei para emitir o preceptivo informe de cara á aprobación definitiva do documento e, ó amparo de normativas non aplicables, retrasou o seu dictame ata o 14 de marzo deste ano acordando devolver o Plan Xeral de Oleiros, dous meses antes das eleccións municipais, alegando supostos erros e invadindo a autonomía local, sobradamente recollida na xurisprudencia, sobre o modelo urbanístico, o que resulta ser unicamente potestade municipal sempre ó avelo das directrices fixadas polas leis que o Concello de Oleiros respecta e acata rigorosamente.

A entrega deste cedé estaba previsto realizala á marxe da resolución da Consellería de Política Territorial e así o facemos aínda que suframos modificacións porque queremos que saibades o urbanismo que fixemos e que nos pretenden cambiar.

Así queremos que teñades un coñecemento directo do urbanismo que propoñemos para Oleiros e que sigues a estela dos dous Plans anteriores, aprobados en 1984 e 1995, gracias ós que foi posible o modelo de Oleiros que hoxe disfrutamos, con un concello de alta calidade ambiental, ordenado e planificado para un desenvolvemento sostible.

Neste novo documento se estudiarán e localizarán as novas infraestruturas viarias e os novos servizos e equipamentos que incrementarán a calidade de vida do conxunto dos cidadáns que aquí residimos.

O grupo de goberno que presido defenderá ante a Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes, ou ante os tribunais de xustiza si é preciso, este modelo de urbanismo velando para que ninguén atente contra o crecemento ordenado, contra a autonomía local nin contra o patrimonio dos cidadáns e a economía do municipio.

O INFORME DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA TERRITORIAL

Na resolución emitida pola Xunta de Galicia o goberno municipal detecta unha pretensión de dilación no que respecta á tramitación e aprobación do documento. Algo similar xa fixeran os anteriores gobernos do PP na Xunta nos anos 1984 e 1995 xogando cos intereses dos cidadáns e co futuro de Oleiros por intereses partidistas electorais e outros que non queremos imaxinar. Pero esta vez fóiselles a man. Temerous da capacidade de reacción do goberno local e confiados en que resolveríamos as "anomalías" de inmediato, improvisaron e interpretaron leis e normas ó seu antoxo de maneira que para atender a súa solicitude habería que redactar un novo Plan Xeral. **O mellor é o que queren facer si gobernanar Oleiros?.**

Como se pode comprobar a continuación, con parágrafos textuais extraídos da resolución, de 13 folios, da Consellería, nas súas enmendas pretenden desqualificar solo urbano en diversos núcleos que gozan dende o ano 84 e 95 de dita cualificación.

III.2. ANÁLISE DO CONTIDO E DETERMINACIÓNS DO PLAN

III. 2. 3. clasificación do solo


a) O plan xeral que se somete a aprobación definitiva constitúe, entre outros obxectivos, a adaptación do planeamento municipal á LOUG. Por tanto, a clasificación do solo debe suxeitarse ás prescricións da LOUG, sen prexuízo de cal sexa a clasificación actualmente vixente, que foi establecida consorte cun anterior marco lexislativo (a lexislación estatal contida no texto refundido 1/1992 e a lei 11/1985, de adaptación da do solo a Galicia). Do anterior se deduce que a actual clasificación do solo non é unha premisa inalterable, pois debe ser revisada e adaptada á nova lexislación...

"b)....a este respecto cómpre sinalar que non procede a clasificación como solo urbano dos terreos colindantes polas estradas estatais, autonómicas ou provinciais polo mero feito de que por estas discorran as redes de servizos urbanísticos, é dicir, que pasen por alí circunstancialmente e non como consecuencia da execución do planeamento urbanístico."

"c) Terreos que, aínda que contando con servizos urbanísticos ou estando ocupados pola edificación, non están insertos na malla urbana existente..."

"As anteriores consideracións se refiren a todas aquelas zonas que, sen prexuízo da súa clasificación no vixente plan xeral, e de conformidade co contido do PXOM, non dispoñen da totalidade das redes públicas de servizos que expresa o artigo 11.1 a) da LOUG. Trátase, principalmente, de grupos de parcelas situadas nas extremas ou zonas laterais de agregados ou conxuntos urbanos..."

O mesmo "criterio" e os mesmos matices fanse constar para as previsións futuras dos solos urbanizables, que son os que permitirán os novos equipamentos e infraestruturas do municipio.



Continúa con 9 páxinas máis de considerandos

UN DOCUMENTO PARA 16 ANOS

O novo Plan Xeral recolle unha previsión, para os vindeiros 16 anos, de 12.800 posibles vivendas en todo o municipio (43 millóns de metros de extensión), das que tan só 6.890 serían de construción prioritaria. A modo de exemplo comparativo podemos citar que nun prazo inmediato no tramo comprendido entre o Porto de A Coruña e as Xubias, con pouco máis de 400.000 m², contruíranse 7.800 vivendas, ou as políticas similares que se están a realizar ou xa se realizaron en menos de un quilómetro cadrado en calquera concello da comarca gobernado por correligionarios do goberno autonómico ou do PP.

As leis do solo de Galicia, en ámbitos urbanos non consolidados, permiten aos concellos entre 20.000 e 50.000 habitantes unha edificabilidade de 1m²/m². A media do Plan Xeral de Oleiros non sobrepasa o 0,30 m²/m². Ademais, nos solos urbanizables presentes e futuros do noso municipio establécense unha media de 10 vivendas por hectárea, o que supón un 50% menos que nos plans anteriores. E, concretamente, no ámbito do futuro Campo de Golf a compensación está fixada en 5,7 viv./Ha. coa obriga de establecer con carácter público as futuras instalacións.

Todos os polígonos e áreas a urbanizar levan cargas de cesión gratuíta para o concello superiores ás previstas pola lei do solo, de maneira que as novas estradas e vías de circunvalación ós núcleos máis urbanos deben entregarse construídas.

No caso de zonas verdes deberán entregarse 55 m² por vivenda en vez dos 15 m² por cada 100 m² edificables de uso residencial que fixan os estándares da normativa urbanística. O Plan tamén contempla a cesión obrigatoria para equipamentos sociais, educativos e deportivos así como unha reserva para creación de vivenda protexida, existindo a obrigatoriedade de construír o 20% do total amparándose nalgún réximen de protección. Isto traduciríase en máis de 2000 vivendas de promoción pública de prezo protexido.

AS PARROQUIAS MÁIS AFECTADAS POLO DECRETO DA XUNTA DE GALICIA SON: ▼

- **DEXO:** Agra de Subiña, Buinte, Centro urbano de Dexo, O Couto, O Perinxel, Lorbé e Urbanización A Granxa.
- **DORNEDA:** Aguieira, Arillo, A Gándara, Breixo, Franzomel, Lourido, Rialta, Tornos e Xaz.
- **IÑÁS:** Campamento-Miranda, Entorno rúa da Vila, O Caño, O Piñeiro, Morzán, Rúa da Igrexa e Vilares.
- **LIÁNS:** Bastiagueiro, Catasol, Choupana, Montrove-O Rio e Tras Casa Paquita.
- **MAIANCA:** A Pía, Estrada da Besta, Núcleo do Regacho, Santa Ana e Xentiña
- **NOS:** Alsina, As Crovias, As Pedreiras, Coroto, O Carballo, O Pinar, Vilanova e Vilar
- **OLEIROS:** Condús, A Cova, O Real, O Rio-Pousada, Rabuñeiro e Regos-Pezoca
- **SERANTES:** A Gándara, Cangadas, Estrada do Faro, Núcleo de Xoez, Pombal e Xabrón

A non aprobación do Plan Xeral PARALIZARÁ, por máis de un ano, a construción de diversas infraestruturas e equipamentos que, tanto os proxectos como as obras, deberían estar iniciadas coa aprobación do Plan por tratarse de servizos imprescindibles para o desenvolvemento ordenado do municipio e pola mellora da calidade de vida e benestar social dos oleirenses.

ALGUNHAS DAS ACTUACIÓNS FUTURAS PARALIZADAS SON:

● VÍA ÁRTABRA

A falta de cualificación urbanística dos solos polos que discurre fai imposible a súa construción xa que non se poden mercar nin expropiar os terreos rústicos e urbanos que se ven afectados. **Realmente, terán interese en facela?**

● VÍAS DE CIRCUNVALACIÓN DE OLEIROS, MERA E SANTA CRUZ

Xa previstas e pactadas en solos urbanizables, con cesións de solo gratuitas para o concello, mediante o desenvolvemento de Plans Parciais, que agora non se poderán executar sin a aprobación do preceptivo Plan Xeral.

● NOVA ESTRADA DE O SEIXO A SANTA CRUZ

Este novo vial, de 16 metros de ancho en todo o seu percorrido, unirá as estradas de Santa Cruz - Mera co acceso Perillo - Oleiros e a N-VI. A cesión da meirande parte do solo xa está pactada, ó igual que para as travesías, para a execución das obras.

● NOVO DEPÓSITO MUNICIPAL DE AUGA DE ARILLO – RIALTA (DORNEDA)

Sin aprobación do Plan Xeral non hai cualificación do solo e sen cualificación o Concello de Oleiros non pode mercar nin expropiar os terreos afectados porque se descoñece o seu valor e non existen argumentos legais sin a cualificación de equipamento. Polo tanto, non se pode levar a cabo esta actuación prioritaria e necesaria para os veciños ante os problemas de abastecemento xerados, especialmente, durante as tempadas estivais.

● CENTRO DE SAÚDE OLEIROS-NOS-IÑÁS

Ubicado nas inmediacións do IES Miraflores e do CEIP A Rabadeira, o outorgamento da correspondente licenza municipal, solicitada agora polo SERGAS logo de oito anos de requerimentos do goberno local, está pendente da tramitación do Plan Parcial que, á súa vez, depende do desenvolvemento do Plan Xeral, **feito que a Xunta de Galicia sabía.**

● AUDITORIO- ESCOLA DE DANZA- ESCOLA DE TEATRO

Coa aprobación do Plan Xeral a súa construción sería inmediata posto que os motivos polos que xa devolveran o Plan Especial hai dous meses quedarían obviadas ó tratarse dun solo de equipamento xeral previsto no PXOM. Pero, deste xeito, **nin antes nin agora.** A Consellería de Política Territorial condiciona a súa creación á aprobación do Plan Xeral paralizado.

● CENTRO DE ALTA CAPACIDADE DEPORTIVA E NOVAS INSTALACIÓNS DO INEF EN BASTIAGUEIRO

Atópase na mesma situación que o auditorio

● AMPLIACIÓN PORTO PESQUEIRO-DEPORTIVO DE LORBÉ

Sin o respaldo do Plan Xeral non se pode desenvolver este proxecto, contemplado no documento oleirense como un equipamento prioritario e con grandes posibilidades de execución a curto prazo, agora imposibilitadas pola devolución do PXOM.

● CAMPO DE GOLF

A aprobación do Plan Xeral de Ordenación posibilitaría a tramitación do expediente e o correspondente inicio das obras nos seis primeiros meses do presente exercicio. De non cumprirse este prazo, o Concello executaría o ámbito subsidiariamente con cargo ós particulares.

● NOVO COLEXIO DE PRIMARIA EN VILANOVA (NOS)

Para a súa realización resulta imprescindible a recualificación do solo previsto dentro da finca da Fundación Tenreiro, en Vilanova. Sen Plan non hai catalogación dos terreos e, polo tanto, esta actuación necesaria para a parroquia de Nos, ante o crecemento da poboación, permitindo incrementar a dotación de centros escolares dentro do municipio, tampouco será posible.


● RESIDENCIA DE ANCIANOS EN XAZ (DORNEDA)

A eliminación do Solo Urbanizable que propón a Consellería de Política Territorial impide a construción desta residencia.

■ *Estas e outras moitas obras e servizos necesarios para o presente e futuro do Concello de Oleiros como garantes dunha calidade de vida e benestar social verán así paralizados a súa xestión e consolidación.*

DEFENDEREMOS O NOSO MODELO URBANÍSTICO COMO GARANTE DE FUTURO ►

PLAN XERAL MUNICIPAL DE ORDENACION DE OLEIROS DOCUMENTO APROBADO PROVISIONALMENTE



◆ O goberno local, rodeado dos técnicos municipais e dos redactores do planeamento, está a estudar a documentación remitida pola Xunta de Galicia para a súa valoración e análise pero sen aceptar ningunha imposición que non se axuste a dereito como a descualificacións de solos historicamente urbanos, pretendidas invasións da Consellería de Política Territorial para cambiar un modelo urbanístico xa consolidado, mediante a súa intromisión no noso modelo municipal... Deste xeito, dende o goberno pretendemos evitar especulacións salvaxes e concentracións masivas da poboación preservando, coma sempre, o medio natural polo que, unha vez feitas as consideracións técnicas oportunas, volveremos a remitir o mesmo documento coa maior celeridade posible á Consellería para a súa tramitación definitiva.

Segundo a resolución final, de aceptación ou denegación total ou parcial, o Concello recurrirá ós tribunais para preservar e velar polos intereses lexítimos de cada cidadán e un urbanismo sostible e ordenado en perfecto equilibrio co medio.

Estamos acostumbrados a sufrir este tipo de manipulacións políticas por parte doutros grupos que aproveitaron o poder para sacar réditos electorais. O mesmo sucedeu cos planeamentos anteriores do 84 e 95, devoltos ó Concello a escasos meses das eleccións e aprobados, sen cambio algún, logo da cita coas urnas ó non poder facerse co goberno local para cambiar o modelo.

Para nós, a calidade de vida, o medio ambiente, o benestar social dos veciños, a dotación constante de medios e recursos, tanto en infraestruturas como en servizos, é fundamental para garantir o presente e o futuro de Oleiros, perpetuándoo como un concello modélico, singular, sostible, moderno, diferente... e por iso seguiremos loitando e librando unha batalla que consideramos precisa para a defensa dos dereitos dos oleienses.

XOVEOLEIROS E OCIOLEIROS ACADAN A SÚA EDICIÓN MÁIS MADURA

■ Dende o pasado mes de febreiro está en marcha a presente edición de Xoveoleiros e Ocioleiros, dúas actividades municipais xa tradicionais dentro da programación de inverno elaborada polo departamento de Cultura. Este ano a participación dos veciños e veciñas do termo municipal superou a de edicións anteriores rexistrando 1.359 inscricións. Exercicio, entretemento e convivencia seguen a ser as claves do seu éxito.

◆ Sen dúbida, os protagonistas indiscutibles da presente edición son os participantes de Xoveoleiros, de 18 a 60 anos, con máis de 1.264 persoas anotadas nas diferentes disciplinas ofertadas, das que case setecentas pertencen á franxa de idade comprendida entre os 35 e os 60 anos. Todo un exemplo de vitalidade e superación para os mozos oleirenses, de 14 a 17 anos, inscritos nas actividades de Ocioleiros.

Unha vez máis, a participación feminina supera á dos homes, algo especialmente notable entre os veciños de máis idade, xa que, por contra, de 18 a 35 son eles os que amosan máis interese pola práctica física ofertada.

Este ano ás actividades máis veteranas, entre as que destacan bailes de salón, cociña ou informática, saíronlle duros rivais que acadaron un gran éxito de participación. Así, bricolaxe, pilates e a iniciación á escalada deportiva foron algunhas das preferencias máis demandadas polos oleirenses. Ata o de agora, as clases están transcorrendo sen incidencias e cun elevado grao de asistencia, polo que os participantes terán que sudar moito a camiseta para obter unha das viaxes que se sortearán ó remate das actividades, previstas para o 13 de maio, entre as persoas con menos de tres faltas. O acto terá lugar durante a festa de clausura. Ata entón, a diversión e o deporte están garantizados en Xoveoleiros e Ocioleiros.



■ Escalada deportiva, de Ocioleiros, no pavillón de Canide



■ En Xoveoleiros, os homes tamén se poñen o delantal para aprender a cociñar

A NOVA PROGRAMACIÓN DE CULTURA

Cinema de Primavera:

- **Sábado 5 de Maio ás 21:00 h: "The Queen"**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo
- **Sábado 12 de Maio ás 21:00 h: "Diario de un escándalo"**
Auditorio C.C. "A Fábrica", Perillo

Ciclo 4 x 4 de Canción de Autor

- **Mércores 16 de Maio ás 20:30h (Letras Galegas): Concerto de Marful**
Auditorio "Gabriel García Márquez", de Mera.

Cinema de Verán: (Meses de Xullo e Agosto)

"Noites de cinema" percorrerá todas as parroquias do Concello. Proxeccións ó aire libre para mesturar o sétimo arte coa beleza das nosas paraxes naturais. *Entrada libre.*

TEMOS UNHA PORTA ABERTA Á COOPERACIÓN INTERNACIONAL

QUERES ENTRAR?

CONTA SOLIDARIA PERMANENTE: 2091 0064 58 3040011138

→ Grazas por colaborar. A túa axuda conta máis que a de ninguén ←

A GUÍA EMPRESARIAL “ATÓPAO EN...OLEIROS” AGORA EN VERSIÓN DIXITAL ▼

◆ Ademais de promover a formación e o emprego entre os demandantes de Oleiros, o goberno municipal tamén desenvolve unha forte política de promoción e fomento da economía local a través do Centro de Formación ubicado en Os Regos. Unha boa mostra é a edición, o ano pasado, dunha guía local de actividades e rexistros empresariais, denominada Atópao en...Oleiros, onde se pode encontrar información sobre o tecido industrial e empresarial existente no municipio. Agora, esta publicación tamén pode consultarse na páxina web do Concello de Oleiros, para maior comodidade dos veciños e usuarios de dentro e fóra do Concello. Trátase dunha iniciativa que atende ás necesidades actuais da poboación, podendo así ofrecer, mediante o uso das novas tecnoloxías, un portal directo de comunicación cos diferentes establecementos. Unha maneira máis inmediata e cómoda de acceder á actualización deste directorio de empresas, recollendo as novas incorporacións e as modificacións que poidan xurdir por cambio de enderezo, teléfono, etc.

Outra das novidades que ofrece consiste na posibilidade de acceder, con un só clic, ás páxinas web e ós enderezos electrónicos das empresas e comercios que aparecen na guía. Un servizo útil e de fácil manexo para o usuario que, á vez, se consolida como un escaparate permanente para os empresarios locais. Sen dúbida, unha alternativa á medida de todos.

Atópao en...
Oleiros



O ISAAC DÍAZ PARDO PECHOU O 2006 CON 1.878 USUARIOS ▼

◆ Un dos servizos máis demandados do Centro de Formación de Os Regos é o de información e orientación profesional. De feito, o ano pasado 1.878 persoas foron atendidas polo equipo de profesionais que coordinan o Servizo Galego de Colocación e a Bolsa de Emprego Local, das que 624 eran novos usuarios, cen máis que no 2005. Cabe destacar tamén que o 66% dos demandantes son veciños de Oleiros, mentres que o resto proceden doutros municipios da área metropolitana e un 22% son estranxeiros, principalmente sudamericanos, o que supón un notable incremento con respecto a anos anteriores.

En materia de formación, o número de inscricións nos diferentes cursos foi en aumento, destacando unha maior demanda entre os homes (73%) sen cualificación profesional algunha (87%). En canto á inserción laboral, os titulados nas especialidades de cociña e pintura son os que obteñen as cotas máis elevadas de integración no mercado aínda que, en liñas xerais, o 59% dos que rematan están a traballar na especialidade cursada.

No último ano tamén se acadaron cifras moi positivas nos programas de fomento e creación de emprego, xa que 362 persoas atoparon traballo a través da Bolsa de Emprego Local e máis de 700 ofertas foron tramitadas dende o centro de Os Regos. Neste senso, a administración local promoveu programas de contratación de persoal eventual para o desempeño de labores de apoio en materia de xardinería, carpintería, etc...

O departamento de asesoramento a novos empresarios foi outro dos que obtivo un balance moi positivo co rexistro de 75 novas iniciativas, das que o 80% pertencían a veciños de Oleiros.

OS NOVOS CURSOS

◆ Un ano máis, o “Isaac Díaz Pardo”, de Os Regos xa ten confeccionado o novo Plan de Formación Profesional Ocupacional para demandantes de emprego do Concello de Oleiros. Entre os cursos que se imparten este ano atópanse algunha das especialidades máis solicitadas polos usuarios por ser as que gozan dunha maior saída profesional. Os novos cursos concedidos son:

- | | | | |
|---------------|--------------|--------------|-------------------|
| ● Albanel | ● Pintor | ● Ebanista | ● Cociñeiro (2) |
| ● Escaiolista | ● Pasteleiro | ● Fontaneiro | ● Carpinteiro (2) |



ALUMNOS DOS CEIP E DOS IES DE OLEIROS PARTICIPAN NA CAMPAÑA MUNICIPAL DE EDUCACIÓN VIAL ▼



■ Trescentos dezanove alumnos dos CEIP públicos de Oleiros están a participar activamente na campaña municipal de seguridade e educación vial que coordinan as concellerías de Réxime Interior e Xuventude. Esta iniciativa, que se está a desenvolver con moita intensidade tamén nos IES do municipio, pretende formar, concienciar e sensibilizar á xuventude sobre a importancia de respectar as normas de seguridade e a necesidade de adquirir unha axeitada educación vial para unha convivencia máis harmónica. As actividades programadas consisten na realización de charlas informativas impartidas, en horario lectivo, por axentes da Policía Local de Oleiros.



◆ A edición deste ano céntrase, principalmente, en dous dos grupos de risco máis maioritarios: os nenos e os adolescentes con idades comprendidas entre os 15 e os 17 anos. Así, 1º, 2º e 6º de primaria son xunto con 4º de secundaria e 2º de bacharelato os principais destinatarios das sesións teórico-prácticas que culminarán no mes de xuño cunha Xornada de Acercamento na que tamén participarán membros da Garda Civil e do Servizo Municipal de Protección Civil.

Ó remate da campaña de educación vial farase entrega dun cuestionario de calidade ós alumnos de secundaria e bacharelato para avaliar o contido e os materiais didácticos empregados durante os meses de aprendizaxe.

◆ Un novo proxecto municipal, enmarcado na programación do gabinete de inserción social e laboral do Departamento de Servizos Sociais, estase a desenvolver no entorno de Mera. Trátase dunha experiencia pioneira neste concello que consiste na creación dunha brigada integrada por catro persoas de Oleiros con dificultades para a integración laboral ordinaria.

Esta experiencia, que terá unha duración aproximada de dous meses, pretende ser un observatorio de inserción laboral, como fase previa para o seu acceso ó mercado de traballo normalizado.

Os labores a desempeñar polos integrantes da brigada municipal consistirán na limpeza e desbroce dos camiños polos que discorre o roteiro natural PRG – 87, de Mera. Unha oportunidade que, ademais de aportar experiencia e formación ós seus protagonistas, tamén lles permitirá avanzar un paso máis de cara á integración laboral e social na procura dunha sociedade máis xusta e igualitaria.

**USUARIOS DE
SERVIZOS SOCIAIS
PARA UNHA
BRIGADA MUNICIPAL**

OLEIROS EN FORMA CON NOVAS ACTIVIDADES FÍSICAS PARA A SAÚDE

- Dor de costas?: por lesións, posturas,...
- Risco cardiovascular?: por hipertensión, obesidade...



INFÓRMATE NO 981/ 636 598. O Servizo Municipal de Deportes ten novidades para ti

A PARALIZACIÓN DO NOVO PLAN XERAL IMPIDE A CONCESIÓN DA LICENZA PARA O CENTRO DE SAÚDE

◆ O pasado mes de marzo o Servizo Galego de Saúde (SERGAS) da Xunta de Galicia solicitou ó Concello de Oleiros licenza municipal para a construción do novo centro de saúde, que irá ubicado na parroquia de Santa María, no lugar de A Covada, entre a nova piscina municipal, o IES Miraflores e o Colexio Público de A Rabadeira.

Paradoxicamente, a Consellería de Política Territorial, cun fin exclusivamente electoralista, vén de comunicar a non aprobación do Plan Xeral de Oleiros, ó que esta suxeita a concesión de dita autorización,

polo que, en aplicación da actual normativa, non se podería conceder a licenza correspondente para construír o centro de saúde.

O goberno municipal esixirá á Consellería de Política Territorial que autorice en precario, ata a aprobación do Plan, a construción do edificio mediante unha resolución da Consellería, ó igual que noutras ocasións e con goberno autonómico do PP se procedeu á construción do IES Miraflores ou do CEIP A Rabadeira, en Oleiros.

EQUIPAMENTO

◆ O centro de saúde de Oleiros, que conta cun investimento de 1.325.939,50 euros, ofrecerá unha prestación sanitaria máis completa e integrada en atención das necesidades e novas demandas da poboación. Equipado con sofisticados recursos tecnolóxicos disporá de tres salas de atención primaria e dúas enfermerías destinadas a medicina xeral. Estas dependencias veranse complementadas coa creación dun servizo de cirurxía menor e unha consulta de pediatría coa súa correspondente enfermería. Tamén haberá un área de fisioterapia e rehabilitación co obxectivo de achegar ós cidadáns este tipo de prestacións tan demandadas hoxe en día.

A superficie útil do novo edificio, de un só andar, é de 1.016,41 metros cadrados. O período de execución está fixado en 20 meses.



■ Terreo onde vai ir ubicado o centro de saúde



■ Os novos módulos de infantil permitirán incrementar a oferta educativa da localidade

O CONCELLO REALIZA MELLORAS NO COLEXIO DE CANIDE

◆ Ademais do novo módulo de educación infantil, anexo ó colexio de Canide, vaise proceder á colocación dun ascensor para facilitar o acceso ós andares superiores ás persoas con problemas de mobilidade así como a todos os usuarios que precisen dun servizo máis cómodo ante calquera adversidade.

Por outra banda, o Concello de Oleiros está procedendo a acometer diversas melloras solicitadas polo centro educativo entre as que destacan a reposición dos teitos dos aseos exteriores e a renovación dos vestiarios do pavillón.

A ESCOLA INFANTIL DE A PARDELA ESTREA CUBERTA

◆ A raíz dunha serie de reclamacións feitas por usuarios e traballadores da escola infantil A Pardela con motivo dun problema de filtracións de auga, o goberno local procedeu a acometer a renovación integral da cuberta do centro educativo coa finalidade de subsanar así as deficiencias detectadas.

Ademais desta actuación, que ascendeu a 30.000 euros, tamén se levaron a cabo outras obras menores de acondicionamento e mellora entre as que destacan a execución dunha drenaxe no exterior do edificio e a instalación dunha cámara de aire para eliminar as humidades rexistradas nas paredes dalgunha aula.



PROTECCIÓN CIVIL TRASLÁDASE Á ESCOLA DAS PEDRAS ▶

◆ O Concello de Oleiros vén de rematar os traballos de rehabilitación da antiga Escola das Pedras. Este vello edificio, construído na década dos vinte, foi utilizado inicialmente como colexio público e reconvertido polo Concello en centro de actividades lúdicas e recreativas para uso e desfrute dos veciños de Oleiros.

A partires de agora os seus novos inquilinos serán os integrantes do Servizo Municipal de Protección Civil, situados na Casa da Xuventude de Perillo. A súa ubicación estratéxica e os máis de 140 m² de superficie convérteno no lugar idóneo para albergar as novas dependencias municipais, máis cómodas, amplas e modernas de acordo coas necesidades do servizo e capaces de ofrecer unhas prestacións acordes ós tempos actuais.

Logo de acometer nunha primeira fase a reforma externa do edificio procedeuse á rehabilitación e mellora do seu interior dotándoo de varias salas destinadas a oficinas, zona de reunións e unha estancia habilitada para o descanso dos efectivos de Protección Civil, posto que na actualidade ofrécese un servizo continuado durante as fins de semana, coas correspondentes quendas de traballo. Esta actuación complementarase coa urbanización da parcela e a creación dunha zona para o estacionamento do parque móbil.

A nova sede de Protección Civil do Concello de Oleiros virá así a cubrir as necesidades dun servizo, constituído en 1993 como agrupación de voluntarios, que nos últimos anos experimentou un notable crecemento paralelo ó desenvolvemento do municipio.



CIRCULACIÓN MÁIS SEGURA E FLUÍDA COA SEGUNDA ROTONDA DE SALVADOR ALLENDE, EN NOS ▼

◆ En seguridade vial gañan os veciños e usuarios da parroquia de Nos porque xa rematou a construción da nova rotonda situada xunto á igrexa parroquial, na estrada autonómica de O Seixal a Cecebre. A realización dos traballos levouse a cabo grazas a un acordo do goberno local e a Xunta de Galicia para acometer as obras aproveitando as labores de pavimentación levadas a cabo pola administración galega.

Ademais de conseguir unha maior fluidez para o tráfico rodado, esta actuación tamén mellora notablemente os accesos dende a nova urbanización, en construción, e da de Xardín de Nos ata a Avenida

Salvador Allende ó tempo que se experimenta unha redución da velocidade no citado tramo, en dirección ó Seixal. O resultado é unha mellor adaptación a unha travesía cunhas condicións urbanas diferentes, marcadas pola nova glorieta, cambios de sentido e a aparición de novos pasos de peóns en substitución dos anteriores.

Esta rotonda é a segunda que se ubica en Salvador Allende, logo da construída polo Ministerio de Fomento sobre o río da Veiga, como resposta ás peticións dos veciños que solicitaban o incremento das medidas de seguridade vial para o cruce de peóns nun núcleo urbano afectado polo paso dunha estrada comarcal.



UNHA PRAZA NO MERCADO MUNICIPAL DE PERILLO ◀

◆ Dende fai algúns meses, o andar superior do mercado municipal de Perillo loce unha nova imaxe. Máis renovado e actualizado, tras as diversas reformas efectuadas polo consistorio, amosa novos espazos para os usuarios gañando en comodidade e servizo público. Unha vez derrubados os muretes de formigón e eliminado o oco central, que se cubriu cunha estrutura de madeira, unha única e ampla zona de vendas abriuse paso acadando maior visibilidade, luminosidade e mellor comunicación entre os diferentes postos dos laterais.

Agora, ademais de mercar, é posible pasear tranquilamente por unha zona libre de obstáculos dotada dun mobiliario axeitado ás necesidades dos usuarios e consistente na colocación de bancos e complementos que lle confiren o aspecto dunha verdadeira praza.

A “FESTA DOS VELLOS” 2007 ▼

◆ Sonada foi a última edición da Festa do Vellos celebrada no pavillón de A Rabadeira con motivo da festividade do Antroido. A parodia levada a cabo polo alcalde de Oleiros, Ángel García Seoane, en compañía dun grupo de veciños, non deixou este ano indiferente a ninguén. Por uns intres as máis de 2.000 persoas alí congregadas trasladáronse á Galicia do século XVII para presenciar o xuízo e condena do rexedor oleirense acusado de promover a defensa dos dereitos e liberdades dos seus cidadáns. Finalmente, os inquisidores xuíces da Santa Oposición, presididos pola implacable figura de Torquemada, condenaron ó rexedor a morrer aforcado. Algo que o pobo logrou impedir nun acto de sublevación moi realista a vulgar despois pola cara dalgún dos actores.

Música, luz, vestiario, efectos especiais, maquillaxe, interpretación. Todo estaba perfectamente estudado, coidando ata o máis mínimo detalle. O resultado foi unha posta en escena que nada tivo que envexar ós profesionais do teatro ou do cinema e da que se falou durante semanas dentro e fóra do municipio. Todo un éxito grazas ó ambiente de suspense e expectación creado que, por uns intres, fixo conter a respiración a máis de un nun acto xa tradicional, coñecido e moi esperado polo público oleirense.



■ O alcalde de Oleiros foi xulgado pola Santa Inquisición ante a figura omnipresente de Torquemada



■ Momento no que o pobo se subleva contra os inquisidores



■ Os asistentes tamén desfrutaron coa música e o baile

MÁIS XOGOS E PARQUES PARA OS NENOS ▼



◆ Dende fai tempo, o goberno municipal está a desenvolver unha política de mellora e ampliación dos parques infantís distribuídos por todas as localidades oleirenses. Recentemente procedeuse á dotación dun novo xogo no parque dos Areeiros, situado na zona do Lucín en Perillo, para incrementar a oferta lúdica destinada ós máis cativos.



◆ Ademais de aumentar o mobiliario, o Concello de Oleiros tamén está a habilitar máis áreas de lecer e entretemento para os nosos fillos, especialmente naquelas zonas que están a experimentar un notable crecemento da poboación coa construción de novas urbanizacións. Este é o caso da localidade de Montrove onde o consistorio levou a cabo a creación dun parque infantil no núcleo de Toxeiras, atendendo así as necesidades dos seus veciños máis novos.

Conscientes da crecente demanda rexistrada en todo o municipio, recollida na última enquisa municipal elaborada polo goberno municipal, dende o Concello seguiremos traballando na dotación de máis parques infantís sen descoidar o mantemento e conservación dos xa existentes.

O CONCELLO ASUMIRÁ OS GASTOS DE LUZ E AUGA DOS CAMPOS DE FÚTBOL OLEIRENSES

■ *O goberno municipal mantivo dúas xuntanzas informativas cos representantes dos diferentes clubs de fútbol modesto de Oleiros nas que se analizou polo miúdo a situación actual de ditas sociedades e a presión que están soportar ante as elevadas cargas económicas impostas dende a federación autonómica a estas entidades deportivas en concepto de fichas e dietas de arbitraje, entre outros.*

◆ Ante esta situación, o Concello de Oleiros propuxo a sinatura dun convenio de colaboración para atender algunhas das demandas máis urxentes dos equipos locais, comprometéndose a sufragar, como titular da meirande parte dos campos de fútbol do municipio, os custes básicos derivados dos servizos de alumeadado e traída de augas, incluíndo tamén os de propiedade privada como son o do Atlético de San Pedro, o de Dorneda e parte do de Mera. Deste xeito, preténdese equiparar o apoio institucional a todos os clubs, que tamén recibirán asesoramento técnico, por parte de cualificados profesionais, para mellorar e complementar a súa formación física, técnica e táctica. Asimesmo, coa colaboración de Protección Civil, tamén se impartirán unhas xornadas didácticas sobre primeiros auxilios nos terreos de xogo dirixidas a directivos e técnicos.

Nas reunións celebradas ata o de agora, o consistorio oleirense tamén se comprometeu a incentivar economicamente ás entidades capaces de atraer ó maior número de rapaces. Unha atractiva medida para fomentar esta práctica deportiva entre os máis novos.

Na actualidade, existen cinco campos de fútbol municipais: Condús, en Oleiros; Hércules, en San Pedro; Os Regos; Iñás e Montrove, ademais dunha parte do situado na localidade de Mera. O primeiro será obxecto en breve dunha importante reforma por parte do consistorio, dotando de herba artificial, de mellor mantemento e conservación.



NOVAS ACTIVIDADES DEPORTIVAS PARA OS IES DE OLEIROS

◆ Este ano incrementouse a oferta deportiva municipal para os centros de ensinanza secundaria. Ademais das *Escolas Deportivas Municipais e do Programa Municipal de Educación Física*, os alumnos dos institutos públicos de Oleiros viaxarán nos vindeiros días ao río Ulla para practicar **Rafting**. Unha experiencia novidosa na que se mesturan deporte, aventura e risco que non pasou desapercibida para ninguén, xa que todos os centros confirmaron a súa participación. O primeiro turno, previsto para o día 25 deste mes, estará composto polos alumnos do IES Neira Vilas, de Perillo, mentres que o 27 serán os do María Casares, de Bastiagueiro. O vindeiro 3 de maio pecharán a actividade os rapaces do Miraflores, de Oleiros. O percorrido, que discorrerá polas inmediacións da vila de Padrón, está catalogado como de baixa dificultade e ten unha distancia de 14 kms.



COMEZAN OS OBRADOIROS DE SURF E BODY BOARD

◆ O Servizo Municipal de Deportes xa ten en marcha a terceira edición dos obradoiros de iniciación ao surf e body-board que se celebran nas instalacións municipais da praia de Bastiagueiro dende este mes.

O prezo por cursiño, de 16 horas de duración distribuídas en dúas fines de semana, será de 30 euros para os empadroados e 75 para as persoas procedentes doutros concellos. Para poder anotarse é obrigatorio saber nadar e ter máis de 14 anos.


Por outra banda, ante a inminente chegada do verán técnicos e responsables municipais están a ultimar a programación deportiva para o tempo de lecer. Unha oferta axeitada ás diferentes necesidades dos veciños na que ademais dos tradicionais campamentos deportivos e cursos de remo, kajak ou volei-praia, inclúranse numerosas novidades especialmente atractivas para os máis cativos. Asimesmo, volveremos ter unha cita coas grandes competicións deportivas como a Bandeira de traíñas, retransmitida en directo pola TVG, e os torneos de fútbol, triatlón, balonmán, tenis de mesa, etc....

O GOBERNO LOCAL ESTUDA IMPLANTAR MÁIS LIÑAS DE TRANSPORTE PÚBLICO ▼

■ *Ante a crecente demanda de usuarios do transporte público e coa finalidade de continuar promovendo esta práctica entre os oleirenses, o goberno municipal está negociando coas diferentes empresas que realizan este servizo a ampliación das liñas actuais e o incremento na frecuencia dos autobuses coa finalidade de unir máis núcleos de poboación e facilitar un acceso rápido dos veciños a diversos servizos municipais como colexios, piscinas, centros de saúde, zonas comerciais, dependencias municipais, etc..*

◆ As liñas de nova implantación operarían na zona centro-sur do municipio enlazando as parroquias de Nos-Liñas, Oleiros-Liñas e Perillo, potenciando nesta última localidade o transbordo de autobuses con dirección á cidade de A Coruña mediante a creación dun intercambiador ubicado na zona residencial do Hábitat, dende onde habería un servizo continuado á cidade herculina cada dez minutos. Os cambios de autobuses non terían incremento económico algún para os usuarios da tarxeta de transporte vixente na área metropolitana.

Por outra banda, o autobús metropolitano que conecta Lorbé co Burgo, pasando por diversas localidades oleirenses, foi utilizado por 18.516 persoas nun período de seis meses, mentres que o total de usuarios do servizo prestado polas diferentes empresas que operan no municipio ascendeu, durante o mesmo período, a 822.317. Así, unha das primeiras medidas que está previsto pór en marcha será a de incrementar a frecuencia dos servizos actuais de transporte, que pasarán dunha hora a 30 minutos nas liñas que discorran entre A Coruña-Perillo-Seixal-O Carballo-Oleiros e A Coruña-Perillo-Montrove-Oleiros. Tamén se establecerán novas paradas e itinerarios ó longo dos citados percorridos quedando do seguinte xeito.



—■ Línea: Coruña-Montrove-Oleiros
- - - ■ Línea: Coruña-S. Pedro-Oleiros-liñas

A Nova Tarxeta ▼

◆ Ademais, na reunión mantida pola Comisión de Seguimento do Transporte Metropolitano, na que estiveron presentes os concellos de A Coruña, Culleredo, Cambre e Oleiros xunto coa Dirección Xeral de Transportes da Xunta de Galicia, acordouse a posta en funcionamento nos vindeiros meses dunha nova tarxeta de pagamento subvencionada, válida tamén para os autobuses urbanos de A Coruña, que poderá adquirirse en calquera oficina de Caixa Galicia.

Por outra banda, nos vindeiros días colocaranse 21 marquesinas nas paradas de autobús con carteis incorporados nos que se dará información sobre os horarios do servizo de transporte.

SE USAS O TRANSPORTE PÚBLICO, NON ESQUEZAS A TÚA TARXETA

~~1,15 €~~ → **0,67 €**

● **NON PAGUES NIN UN CÉNTIMO DE MÁIS**

**POR COMODIDADE E POR AFORRO,
USA SEMPRE A TARXETA** ▶



ACTIVIDADES 60+:

VEN E DESCUBRE O PRACER DE VIAJAR ▼

◆ O Departamento de Servizos Sociais do Concello de Oleiros pon en marcha unha nova edición do programa municipal Ven e Descubre, dirixido ós maiores de 60 anos empadroados no municipio. Os interesados en participar nas diferentes actividades de excursionismo e sendeirismo aínda poden reservar praza nas dependencias municipais ou a través do teléfono de Atención ó Veciño (981/610 000) de luns a venres, en horario de 10:00 a 13:00 horas. O prazo permanecerá aberto ata finais deste mes. O único requisito é ter cumprida a idade esixida, para o que deberán facilitar o seu DNI.

Bote unha ollada ó seguinte calendario coa programación, seleccione as actividades que lle interesen, a parroquia á que pertence e.... **ANÍMESE A PARTICIPAR.**



ACTIVIDADES DE EXCURSIONISMO ▶ Itinerarios en autobús con visitas culturais en grupos

- **ROTA DO RIBEIRO**, dende Oseira a Ribadavia.
- **CAMIÑO A MARIÑA LUGUESA**. Achegándose a Mariña Luguesa dende Mondoñedo a Foz.
- **COSTA DA MORTE**, visitando as vilas, paisaxes e historia da Ría de Camariñas.



● Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:

	ROTA do RIBEIRO	CAMIÑO a MARIÑA LUGUESA	COSTA da MORTE
1 DEXO - LORBÉ	6 MAIO	3 XUÑO	8 XULLO
2 SERANTES - MAIANCA - DORNEDA	12 MAIO	2 XUÑO	23 XUÑO
3 MONTROVE - PERILLO	15 ABRIL	17 XUÑO	1 XULLO
4 DORNEDA - STA. CRUZ	22 ABRIL	20 MAIO	30 XUÑO
5 IÑAS - OLEIROS	5 MAIO	16 XUÑO	15 XULLO
6 NOS	21 ABRIL	19 MAIO	7 XULLO
7 PERILLO	14 ABRIL	13 MAIO	14 XULLO

ACTIVIDADES DE SENDEIRISMO ▶ Itinerarios. Rutas camiñando entre 6 e 12 Km

- **CAMIÑOS DE OLEIROS**, roteiro de iniciación para coñecer a fondo Oleiros.
- **LAGOA DE COSPEITO**, polos sendeiros do espazo natural da Lagoa de Cospeito.
- **FRAGAS DO EUME**, a través da Fraga Eume, visitando o Mosteiro de Caaveiro e as Torres de Andrade.
- **SERRA DO COUREL**, neste itinerario descubrirose un dos espazos naturais máis interesantes de Galicia.



● Busque o lugar onde reside e seleccione a excursión que máis lle interese:

	CAMIÑOS de OLEIROS	LAGOA de COSPEITO	FRAGAS do EUME	SERRA do COUREL
1 PERILLO - MONTROVE	16 MAIO	13 XUÑO	4 XULLO	12 SETEMBRO
2 NOS - IÑAS - OLEIROS	23 MAIO	20 XUÑO	11 XULLO	11 SETEMBRO
3 DORNEDA - SERANTES - MAIANCA - DEXO/STA. CRUZ	24 MAIO	27 XUÑO	18 XULLO	6 SETEMBRO

LEMBRE QUE:

- As excursións son de balde e inclúen o transporte, monitores, seguros e visitas guiadas.
- A comida non está incluída e corre a cargo de cada participante.
- Os monitores/as informarán das ofertas hostaleiras e lugares alternativos para comer.
- Os horarios de saída dos autobuses comunicaranse a semana anterior á realización de cada saída.
- As persoas inscritas comprométese a comunicar as posibles renuncias á praza nun prazo máximo de tres días de antelación á saída, de non facelo así a organización poderá dalos de baixa en todas as actividades solicitadas.
- Para participar en sendeirismo é obrigatorio acudir ás reunións de preparación e á ruta "CAMIÑOS DE OLEIROS", na que se valorará a condición física.

SE TES CAN, TES OBRIGAS

LEVA BOLSA E CORREA

OLEIROS SOLIDARIO DÁ O ASALTO Á GRAN PANTALLA ▼

◆ O vindeiro mes de xuño dúas novas curtametraxes verán a luz, pero os nomes dos seus autores non se atoparán en ningunha academia de cinema nin tan sequera entre a interminable listaxe de novos directores e guionistas do noso país. A alfombra vermella estenderase, neste caso, diante dos centros de ensino secundario de Oleiros para presentar o resultado dos traballos feitos polos alumnos de 4º da ESO e 1º de bacharelato que participan no programa municipal Oleiros Solidario.

A terceira edición deste proxecto, que conta con gran éxito de participación entre os mozos, xira arredor da problemática social de dous pobos oprimidos e fortemente castigados: o Sáhara e Guatemala, coa finalidade de amosar e achegar ós mozos oleirenses as súas realidades. Para elo, o departamento municipal de voluntariado contou coa colaboración das oenegués galegas Solidariedade Internacional, coa que se traballa dende hai tres anos, e Implicadas No Desenvolvemento, que participou por primeira vez.

As experiencias vividas por Lasseiri Babía, natural do campamento de refuxiados do Sáhara, e Ana María Rodríguez, da asociación guatemalteca de mulleres rurais Madre Sierra, serviron como fonte directa de información ós participantes desta singular iniciativa, que xa están a traballar na elaboración dos guións que, unha vez seleccionados, serán utilizados para a edición das respectivas curtas. Aínda que o nome dos gañadores non se coñecerá ata o vindeiro mes de xuño, sabemos que os participantes quedaron moi impactados ante os relatos de ambas mulleres.

Pero Oleiros Solidario tamén chegou ata as aulas de 1º e 2º da ESO da man dos obradoiros de sensibilización e solidariedade nos que se potencia o asociacionismo e a práctica de accións solidarias. Mentres, os escolares de 3º de secundaria son, este ano, os responsables de intercambiar experiencias e realidades cos mozos da India e de Etiopía para profundizar e enriquecerse coa cultura e os costumes dos seus países.



■ Ana Mª Rodríguez falou da precariedade na que vivien nenos de Guatemala

“NACASA” É O NOVO SERVIZO MUNICIPAL DE ATENCIÓN Á INFANCIA ▼



◆ Quince oleirenses resultaron seleccionados para participar nos obradoiros de formación dun novo programa municipal, pioneiro e revolucionario en Galicia, que dará moito que falar. Trátase do proxecto Nacasa, posto en marcha pola Concellería de Servizos Sociais para contribuír á conciliación da vida familiar e laboral dos veciños do municipio e ofertar novos postos de traballo coa implantación dun servizo de atención á infancia.

Nacasa ofrecerá a posibilidade de deixar ós nenos ó coidado doutros pais/nais, que acollerán nos seus fogares ós rapaces integrados no proxecto. Como se trata dunha experiencia piloto, das quince persoas seleccionadas, tan só catro pasarán a ser contratadas para pór en marcha este proxecto que dará comezo a partires do mes de xuño.

O período de formación consistirá na realización de diversos obradoiros teórico-prácticos, de corenta horas de duración, nos que se avaliará a idoneidade, capacidade e aptitude dos aspirantes, persoas empadroadas en

Oleiros, en situación de desemprego e con fillos a cargo, xa que así garántese a experiencia no coidado dos nenos.

Esta nova prestación municipal será, polo tanto, un dispositivo de atención á infancia con periodicidade fixa ou puntual segundo as necesidades da familia. O servizo desenvolverase nos domicilios dos coidadores, polo que os nenos convivirán cos rapaces que vivan no domicilio propiciando un ambiente familiar e unha atención altamente personalizada, grazas ó reducido número de menores por adulto, que non poderá superar os cinco nenos/as, incluíndo ós fillos.

O servizo, que terá unha duración de seis meses, estará regulado e controlado polo consistorio oleirense para asegurar un correcto funcionamento do mesmo e o desenvolvemento duns comportamentos e condicións axeitadas ás necesidades de cada menor (atención prestada, condicións da casa, dietas alimentarias...). Tamén se realizarán inspeccións periódicas para comprobar a calidade e continuidade das mesmas.

ASÍ MEDRA OLEIROS

CAPÍTULO V: ● Parroquia de Iñás O Polígono Industrial e Comercial

Os que se confabularon para impedirlo non o conseguiron

◆ Este polígono, FEITO REALIDADE logo de 16 anos de preitos e zancadillas políticas, converterase nun futuro inmediato nunha fonte de riqueza e traballo para os cidadáns oleiroses. Xa son varias as empresas que están pendentes das correspondentes licenzas urbanísticas para comezar a construción dos edificios nos que se desenvolverá unha forte actividade industrial e comercial, dotando de novos servizos e equipamentos o municipio.

A ubicación estratéxica deste ámbito, con máis de 500 metros de fronte ás dúas marxes da N-VI e case un quilómetro en dirección Iñás-Oleiros, que ocupa unha extensión de 420.000 m², virá a potenciar o sector hostaleiro coa proliferación de novos establecementos e a presenza de miles de persoas ó longo do ano desenvolvendo as súas actividades aquí.

Este polígono verase tamén beneficiado cos novos accesos da Vía Ártabra, que terá un enlace a menos de cincocentos metros conectando coa a autopista e a autovía, e co novo viario de circunvalación da parroquia de Oleiros, que unirá mediante tres rotondas as estradas de Perillo-Oleiros, O Carballo e Iñás-Oleiros.

